

## DOCUMENTO COLABORATIVO 0.3.: Informes ás familias

**Este documento é a síntese das achegas realizadas por cada escola na 3ª xuntanza de dirección do curso 2008/09**, onde se continúa unha dinámica de recollida de información e achegas que permite ter en conta todos os puntos de vista e compartir as nosas formas de facer escola.

As comunicacións coas familias fanse en diferentes momentos e sobre diversos aspectos. Por un lado, pensamos no conxunto de información que os profesionais necesitamos comunicar, en especial sobre os aspectos organizativos do centro, e por outro, na información que os profesionais temos que transmitir ás familias sobre o progreso individual de cada neno/a, é dicir, os informes.

### Palabras chave

Información cualitativa, linguaxe próxima e positiva, comunicación, bidireccionalidade

### Ideas principais

É fundamental o fluxo de información ás familias para que poidan participar e ser membros activos da escola, nunha visión inclusiva das mesmas na vida do centro. Neste ámbito é necesario crear canles comunicativas de bidireccionalidade entre a familia e a escola, xerando espazos e tempos nos que a COMUNICACIÓN compartida, a través de circulares, follas informativas periódicas, titorías, comunicacións diarias, conversas,...sexan elementos esenciais nas relacións entre ambos contextos.

**As conclusións, feitas polos grupos de traballo**, pódense resumir nestes puntos que recollen os aspectos comúns a ter en conta na elaboración dos informes avaliativos das crianzas e a súa entrega ás familias:

#### QUE INFORMACIÓN IMOS DAR?

- 1.- O enfoque do informe deber ser cualitativo.
- 2.- A linguaxe empregada será en positivo pero atendendo a realidade.

O feito de non facer informes cuantitativos evita comparacións e preocupacións innecesarias por parte das familias na visión dos diferentes aspectos do desenvolvemento das crianzas.

## **A QUEN VAI DIRIXIDA E COMO SE TRANSMITE ESTA INFORMACIÓN?**

1.- Vai dirixida ás familias, polo tanto debemos coidar a linguaxe intentando que sexa próxima e comprensiva pero mantendo un ton profesional (sen caer nos tecnicismos nin nunha linguaxe demasiado coloquial).

2.- O informe no momento da súa entrega deberase explicar e comentar. Deste xeito conseguimos que a información chegue mellor evitando malas interpretacións e tendo a oportunidade de clarear as dúbidas que xurdan do mesmo.

3.- As ferramentas empregadas (rexistros anecdóticos ,táboas de observación, diarios,...) que serven de base, para a elaboración destes informes serán variadas e máis ou menos obxectivas.

### **QUEN OS ELABORA?**

A colaboración e coordinación entre os membros do equipo educativo será o garante de que existan criterios compartidos.

### **COMO SE ELABORA?**

1.- A información utilizada para a realización do informe obtense utilizando diversas ferramentas sendo unha fundamental, a observación.

2.- O informe debe dar unha resposta a realidade na que se atopa cada crianza no seu desenvolvemento tendo que ser coherente coa acción educativa proposta.

3.- Debemos evitar que o informe se converta nunha relación de aspectos e logros demasiado concretos e descontextualizados da globalidade da/o nena/o.

4.- Deixar rexistrado por escrito toda a información que teñamos das crianzas ademais das comunicacións orais.

### **AVALIACIÓN DOS INFORMES:**

É necesario avaliar o propio informe tendo en conta a opinión das familias, para garantir que estes respondan ao seu obxectivo.

En canto ao número de informes deste tipo, non se estableceu, nas discusión dos grupos de traballo das direccións, unha cantidade máxima a entregar ás familias ao longo do curso, queda aberto ás decisións de cada equipo de cada escola e das características de cada grupo. O que si houbo foi consenso na necesidade de que se elaboren como mínimo dous: un en xaneiro, onde podemos facer unha avaliación do período de adaptación e outro ao final do curso escolar onde faremos referencia á evolución cualitativa do/a neno/a ao longo do curso.

Faltaría por desenvolver os aspectos relacionados con que é necesario avaliar, sería moi interesante que continuásemos completando este documento coas vosas achegas.